

## PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 18-06-2024, ditou a resolución con número 1664/2024 que deseguido se transcribe:

### RESOLUCIÓN

**Bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación, en réxime laboral temporal na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, de catro (4) peóns/peoas para as obras/servizos de “Acondicionamento e Mellora de Espazos Públicos e Renovación e Restablecemento de Contornas Municipais”.**

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia aprobou o outorgamento dunha **subvención** a este Concello (núm. rexistro 20240000002695 de data 08/05/2024) para a contratación temporal de catro (4) traballadores/as desempregados/as (peóns/peoas) en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), expediente TR351F2024-000021-1, por un importe de **47.573,28 €** para as obras/servizos de “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS E RENOVACIÓN E RESTABLECIMENTO DE CONTORNAS MUNICIPAIS”.

A modalidade contractual será a dun contrato de traballo temporal na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego e a tempo parcial. A duración dos contratos será de nove (9) meses.

**Segundo.-** Por providencia da Concelleira Delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior de data 27/05/2024 ordenase a apertura dun expediente de contratación de catro (4) traballadores/as desempregados/as (peóns/peoas) en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) durante nove (9) meses.

**Terceiro.-** Consta no expediente informe favorable da Técnica de Persoal de data 28/05/2024 onde informa sobre os requisitos de contratación e o procedemento selectivo a desenvolver para a contratación, en réxime laboral temporal na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, de catro (4) peóns/peoas para as obras/servizos de “Acondicionamento e Mellora de Espazos Públicos e Renovación e Restablecemento de Contornas Municipais”.

Procede, polo tanto, seleccionar ós/ás traballadores/as con arranxo ás bases oportunas.

**Cuarto.-** Consta no expediente informe desfavorable da Intervención municipal de data 18/06/2024 onde se emite reparo suspensivo en referencia a contratación, en réxime laboral temporal na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, de catro (4) peóns/peoas para as obras/servizos de “Acondicionamento e Mellora de Espazos Públicos e Renovación e Restablecemento de Contornas Municipais”, por non cumprir os requisitos á «excepción á prohibición da contratación de persoal laboral temporal durante o ano 2024:

- Que se trate de casos excepcionais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.
- Que os custos de persoal (salario e seguridade social) estean financiados integramente por outra administración pública.

Neste expediente, non se dan ningunha das premisas anteriores, ao tratarse de contratacións para o fomento do emprego, que non é competencia propia do concello, nin existe unha necesidade urxente e inaprazable e ao estar os custes salariais financiados en parte e non na súa totalidade, pola administración autonómica.»

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000008  
Exp. 2024/G003/001496

«En base o exposto, emítese informe de reparo, suspensivo da tramitación da proposta formulada, por cuanto entendemos que non se dan as circunstancias excepcionais e urxentes que puideran habilitar esta contratación laboral temporal, cuxos custos de persoal (salario e seguridade social) non están financiados integramente pola Xunta de Galicia, administración que ten a competencia en políticas de emprego.»

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Primeira.- O reparo da Intervención municipal

- De conformidade ao artigo 217 (*Discrepancias*) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

«1. Cando o órgano a que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva. Esta facultade non será delegable en ningún caso.

2. Non obstante o disposto no apartado anterior, corresponderá ao Pleno a resolución das discrepancias cando os reparos:

a) Baséense en insuficiencia ou inadecuación de crédito.

b) Refíranse a obrigacións ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.»

### Segunda.- Inclusión social

- De conformidade co artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

«1. O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

2. O Municipio exercerá en todo caso como **competencias propias**, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: [...]

e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a **persoas en situación ou risco de exclusión social**. [...]

- De conformidade co artigo 5 (Principios xerais de aplicación e interpretación) da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de **inclusión social** de Galicia:

As actuacións que se desenvolvan desde as administracións públicas para a aplicación das medidas establecidas nesta lei rexeranse, ademais de polos principios xerais de servizos sociais recollidos no artigo 4 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, polos seguintes principios de aplicación e interpretación: [...]

2. **Acción positiva:** todas as actuacións impulsadas a partir da presente norma, na súa aplicación concreta, procurarán compensar as tendencias e situacións consolidadas de marxinación e de déficit de oportunidades de grupos e colectivos sociais. De maneira especial, ademais, manterase unha actuación positiva a prol da igualdade de xénero. [...]

4. **Inclusión activa e solidaria:** os recursos públicos para facer efectivos os dereitos que esta lei regula fan posible unha mellora das oportunidades reais de inclusión social e laboral das persoas que deles se benefician. De maneira correlativa e solidaria co resto da cidadanía implican a obriga das persoas beneficiarias de participar activamente nos procesos de mellora da súa integración social, así como de adquirir hábitos, destrezas e competencias persoais e profesionais, para o logro da súa autonomía e inclusión social e laboral, de acordo co itinerario e os compromisos establecidos. [...]

6. **Responsabilidade pública e solidariedade social:** os poderes públicos galegos desenvolverán as medidas reguladas nesta lei mediante a Rede pública de servizos sociais e de emprego, sen prexuízo do fomento da participación e da colaboración complementaria das entidades de iniciativa social tanto na aplicación de recursos contra a exclusión coma na mellora continua do sistema. Para estes efectos, poderanse subscribir convenios de colaboración de acordo co establecido na lexislación vixente. [...]

- De conformidade co artigo 85 (Da colaboración entre administracións públicas) da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de **inclusión social** de Galicia:

«A Administración autonómica e a local colaborarán na execución das medidas impulsadas pola presente lei, no marco da distribución de competencias establecido neste título, así como no título VII

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000008  
Exp. 2024/G003/001496

da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Para estes efectos: [...]

c) Cooperarán no uso eficiente dos recursos públicos e, en particular, para que as medidas reguladas nesta lei sexan realmente efectivas na consecución dos **obxectivos de inserción social e laboral**. [...]

- De conformidade co artigo 31 (Concepto das políticas activas de emprego) da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego:

«Enténdese por **políticas activas de emprego** o conxunto de servizos e programas de orientación, intermediación, emprego, formación no traballo e asesoramento para o autoemprego e o emprendemento dirixidas a impulsar a creación de emprego e a mellorar as posibilidades de acceso a un emprego digno, por conta allea ou propia, das persoas demandantes dos servizos de emprego, ao mantemento e mellora da súa empregabilidade e ao fomento do espírito empresarial e da economía social.

Elevar a empregabilidade das persoas demandantes dos servizos de emprego, reducir as brechas de xénero, e conseguir o axuste simultáneo entre oferta e demanda de emprego, a través dunha maior fluidez da información e duns servizos de emprego eficaces e eficientes, serán obxectivos prioritarios das políticas activas. En particular, deberase garantir, ás persoas pertencentes a colectivos prioritarios para a política de emprego, a prestación dos servizos especializados para facilitar a súa **inserción laboral** ou, no seu caso, o mantemento do emprego e a promoción profesional.»

- De conformidade co artigo 1 (Obxecto e finalidade) da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024:

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública das axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA), co obxecto de proporcionarlles a **experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral**, e a aprobación da súa convocatoria para o ano 2024.

- De conformidade co apartado f) do artigo 13 (Requisitos da contratación) da Orde do 27 de decembro de 2023:

«f) Efectuada a selección das persoas traballadoras, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego. »

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000008  
Exp. 2024/G003/001496

## CONCLUSIÓNS

Segundo ao antedito, dentro das competencias municipais de atención a **persoas en situación ou risco de exclusión social**, en conformidade cos principios de acción positiva, inclusión activa e solidaria, responsabilidade pública e solidariedade social da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de **inclusión social** de Galicia, considerase procedente a colaboración coa Administración Autonómica na execución das medidas impulsadas pola Lei 10/2013 para que ditas medidas sexan realmente efectivas na consecución dos **obxectivos de inserción social e laboral**, entrando dentro deste marco de colaboración o presente proceso selectivo para a contratación, en réxime laboral temporal na modalidade de **contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego**, de catro (4) peóns/peoas para as obras/servizos de “Acondicionamento e Mellora de Espazos Públicos e Renovación e Restablecemento de Contornas Municipais”.

Á vista do anterior, e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Levantar o reparo da Intervención municipal emitido o 18/06/2024 no presente expediente de selección do persoal segundo aos motivos expostos na consideración xurídica segunda.

**Segundo.-** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria e proceso selectivo de catro (4) peóns/peoas para as obras/servizos de “Acondicionamento e Mellora de Espazos Públicos e Renovación e Restablecemento de Contornas Municipais” (Expediente TR351F2024-000021-1). A súa relación contractual rexerá pola normativa relativa á contratación de traballo temporal na modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

**Terceiro.-** Convocar o proceso de selección de persoal laboral temporal regulado nas citadas bases que se incorporan como anexo a esta resolución.

## ANEXO

### **BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL NA MODALIDADE DE CONTRATO DE TRABALLO VINCULADO A PROGRAMAS DE POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO, DE CATRO (4) PEÓNS/PEOAS PARA AS OBRAS/SERVIZOS DE “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS E RENOVACIÓN E RESTABLECEMENTO DE CONTORNAS MUNICIPAIS”.**

#### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da convocatoria a contratación con carácter temporal de catro (4) traballadores/as desempregados/as en situación ou risco de exclusión social perceptores/as da Renda de Integración Social de Galicia (en diante RISGA), inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia (en diante SPEG) como persoas demandantes non ocupadas, mediante o **sistema de concurso-oposición** e segundo subvención concedida ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, Orde publicada no DOG núm. 17 de data 24/01/2024, para levar a cabo as obras/servizos de interese xeral e utilidade social de:

- ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS: 2 peóns/peoas.
- RENOVACIÓN E RESTABLECEMENTO DE CONTORNAS MUNICIPAIS: 2 peóns/peoas.

#### **2. CONDICIÓN**

- Modalidade contractual:

contrato de traballo temporal a tempo parcial vinculado a programas de políticas activas de emprego.

- Duración do contrato: 9 meses

- Xornada: 75 % (parcial)

Nº	POSTOS	OBRA / SERVIZO	DURACIÓN	% XORNADA
2	PEÓN/PEOA	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS	9 MESES	75,00
2	PEÓN/PEOA	RENOVACIÓN E RESTABLECEMENTO DE CONTORNAS MUNICIPAIS	9 MESES	75,00

#### **3. FUNCIÓNS**

- ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ESPAZOS PÚBLICOS:

Os traballos desenvolveranse por todo o territorio do Concello de Carballo e consistirán na realización de tarefas moi diversas, todas elas encamiñadas ao coidado e preservación do medio natural. As actividades que se realizarán serán supervisadas polo persoal do Concello de Carballo. Os/as traballadores/as contratados/as realizarán tarefas moi diversas que favorecerán a súa formación práctica: mantemento de espazos verdes, limpeza de vertedoiros incontrolados, limpeza de solares, limpeza de beirarrúas, limpeza de cauces fluviais, limpeza de lavadoiros públicos e fontes, limpeza e roza de terreos baldíos.

- RENOVACIÓN E RESTABLECEMENTO DE CONTORNAS MUNICIPAIS:

O traballo desenvolverase por todo o territorio do Concello de Carballo e serán supervisadas polo persoal do Concello e consisten no: acondicionamento de beirarrúas, eliminación de barreiras arquitectónicas, acondicionamento de parques infantís, reparación de infraestruturas viarias.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000008  
Exp. 2024/G003/001496

### 4. PUBLICIDADE

O sistema de selección dos/as traballadores/as levarase a cabo da forma prevista no **artigo 13** da devandita Orde do 27 de decembro de 2023, polo que se formulará a correspondente oferta de emprego no SEPG específica do Programa de contratación de beneficiarios/as da RISGA.

As solicitudes serán as das persoas desempregadas que, realizada unha sondaxe pola Oficina de Emprego de Carballo, resulten máis adecuadas aos postos de traballo ofertados, polo que non se requirirá a presentación de instancias.

O concello dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección mediante a correspondente publicación no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo ([www.sede.carballo.gal](http://www.sede.carballo.gal)) e na páxina web municipal ([www.carballo.gal](http://www.carballo.gal)).

Unha vez comezadas as probas selectivas, ademais da publicación dos correspondentes anuncios no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e na páxina web municipal, procederase a súa exposición no taboleiro de anuncios sito no segundo andar do Edificio Forum Carballo.

### 5. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

As persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar inscrito/a como persoas demandantes non ocupadas no SPEG.
- b) Ser persoas preceptoras da RISGA.
- c) Figurar na listaxe de candidatos/as remitida pola Oficina de Emprego do SPEG de Carballo.
- d) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consoante ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (en diante LEPG), permita o acceso ao emprego público.
- e) Ter cumprido 16 anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- f) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto de traballo ao que se aspira, non padecendo enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.
- g) Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía.
- h) No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- i) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- j) Estar en posesión do certificado acreditativo/xustificativo que acredite o nivel de coñecemento da lingua galega, CELGA 2 ou equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación, requirido para o desenvolvemento en galego do traballo que a persoa aspirante vai realizar habitualmente no Concello.

En todo caso, consoante ao previsto no artigo 51.2 da LEPG os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da Lingua Galega requirido, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto para o segundo exercicio da fase de oposición, e que cualificará ao/á aspirante como apto/a ou non apto/a.

**As persoas aspirantes deberán cumprir os anteriores requisitos tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego.**

### 6. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección realizarase tal e como esixe o **artigo 13** da Orde do 27 de decembro de 2023 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

A selección de persoas traballadoras que se contraten será realizada polo Concello de Carballo,

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000008  
Exp. 2024/G003/001496

actuando de conformidade aos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

O concello de Carballo remitirá unha oferta de emprego específica do programa de contratación de persoas beneficiarias da RISGA á Oficina de Emprego do SEPG de Carballo, para que lle remita, sempre que sexa posible, un mínimo de dous (2) e un máximo de dez (10) candidatos/as por cada posto ofertado, sendo esta oficina responsable de **preseleccionar** aos/ás candidatos/as que cumpran os requisitos sinalados nas correspondentes ofertas.

O tipo de oferta a tramitar será o tipo U - Programa de contratación de beneficiarios/as RISGA.

Terán **prioridade**:

- As persoas perceptoras da RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral.
- As persoas maiores de 45 anos.
- As persoas con cargas familiares, de constar estas.

Non hai preferencia entre estes colectivos.

As solicitudes serán as das persoas desempregadas que, realizada unha sondaxe pola Oficina de Emprego de Carballo, resulten máis adecuadas aos postos de traballo ofertados, polo que non se requirirá a presentación de instancias.

A **Oficina de emprego de Carballo** unha vez realizada a sondaxe, comprobará de xeito telefónico a dispoñibilidade das persoas candidatas pola orde de prioridade establecida anteriormente, e remitirá ao Concello os **currículos** das persoas candidatas dispoñibles.

As persoas desempregadas candidatas serán remitidas ao **Forum Carballo** (Centro Municipal de Formación) para á realización do correspondente procedemento de selección.

**Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas Administracións Públicas.**

**As persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas no correspondente cadro de persoal ou relación de postos de traballo do Concello e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.**

A selección definitiva, efectuada polo Concello de Carballo, deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente Oficina de Emprego.

## 7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Todas as persoas aspirantes preseleccionadas pola oficina de emprego para esta convocatoria serán admitidos/as no proceso de selección en curso, pendentes da comprobación e verificación por parte do Concello de Carballo da información aportada polo SEPG.

Unha vez remitida a listaxe de persoas aspirantes preseleccionadas pola oficina de emprego, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a **listaxe de persoas admitidas**. Esta resolución publicarase na páxina web municipal e no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo.

Na mesma resolución incluírase a designación nominal do **Tribunal cualificador**, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como, o inicio do proceso selectivo.

## 8. TRIBUNAL CUALIFICADOR

Segundo o apartado c) do artigo 13 da Orde do 27 de decembro de 2023 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a selección de persoas traballadoras que se contraten será realizada polo Concello de Carballo, actuando de conformidade aos principios de publicidade, transparencia,



## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000008  
Exp. 2024/G003/001496

obxectividade, igualdade e non discriminación.

O tribunal cualificador é o órgano colexiado encargado do desenvolvemento e cualificación das probas selectivas, e os seus membros velarán por garantir, en todo momento, a obxectividade e a transparencia do proceso selectivo e o cumprimento tanto das bases desta convocatoria coma das demais normas de aplicación.

Os membros do tribunal cualificador **noméanse na resolución pola que se aproba a listaxe de persoas admitidas** ao proceso selectivo e determinase o comezo das probas. Na dita Resolución indícase nominalmente cada membro do tribunal e o cargo que ocupa, a fin de acreditar os principios de especialidade, mérito, capacidade, solvencia e profesionalidade.

A composición do tribunal cualificador responderá ao principio de profesionalidade e especialización dos seus membros e adecuarase ao criterio de paridade entre muller e home. Seu funcionamento axustarase ás regras de imparcialidade e obxectividade.

Será nomeado polo órgano convocante, estará formado por un número impar de membros, en número non inferior a cinco (5), designándose o mesmo número de suplentes, e estará composto por:

- a) Un/unha presidente/a.
- b) Polo menos, 3 Vogais.
- c) Un/Unha secretario/a.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección. Así mesmo, o órgano de selección poderá valerse de persoal colaborador durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O réxime xurídico aplicable ó tribunal cualificador axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante LRJSP).

Os membros do tribunal absteranse de intervir, e o comunicarán á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das Administracións Públicas, artigo 23 da LRJSP.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusalos de acordo có disposto nos artigos 23 e 24 da LRJSP.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e demais normativa concordante e/ ou substitutiva).

En todo o non previsto nas presentes bases, o procedemento de actuación do tribunal axustarase ao establecido na normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados.

## 9. COMEZO E CRITERIOS XERAIS DO DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

Coa resolución comprensiva da **relación de aspirantes admitidos**, a publicar no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e na páxina web municipal, determinarase a composición nominativa do **tribunal cualificador**, o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como para o inicio do proceso selectivo.

O sistema selectivo empregado será o **CONCURSO - OPOSICIÓN**.

Con carácter previo a fase de oposición, procederase a realizar a **fase de concurso**.

O primeiro exercicio da **fase oposición** será de carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes, en tanto que o segundo exercicio, proba de coñecemento da lingua galega, tan só deba ser realizado por aqueles aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido, CELGA 2 ou equivalente.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000008  
Exp. 2024/G003/001496

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único. A non presentación dun aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar nese e nos sucesivos, quedando excluído en consecuencia do procedemento selectivo, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “H”, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 31 de xaneiro de 2024, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o día 31/01/2024 (DOG nº 29 do 09/02/2024), ou de conformidade co establecido na Resolución vixente do ano en curso, de acordo co sorteo ao que se refire no artigo 9 o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. De non contar con aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade, así como cos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

O órgano de selección poderá requirir, en calquera momento do proceso selectivo, a acreditación da identidade dos aspirantes. Así mesmo, en calquera momento do procedemento, se o órgano de selección tivese coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia da persoa interesada, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

Cando o tribunal o considere axeitado, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos/as aspirantes/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Unha vez comezadas as probas selectivas, ademais da publicación dos correspondentes anuncios no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e na páxina web municipal, procederase a súa exposición no taboleiro de anuncios sito no segundo andar do Edificio Forum Carballo.

Farase pública a **listaxe de aspirantes que superaran cada fase** e polo tanto continúan no proceso. Farase pública a relación de candidatos/as e o seu baremo nun prazo **non superior a dous días** dende a data de realización de cada proba. Os/as opositores/as non incluídos/as na lista terán a consideración de “non aptos/as”. En todo caso, o tribunal seleccionador velará, sempre que sexa posible e se cumpra cos criterios establecidos neste proceso de selección, polo equilibrio de xénero no acceso.

Farase pública a listaxe final cos/coas catro (4) traballadores/as propostos/as para as contratacións e os/as suplentes que accederán ás vacantes que poidan xurdir. A orde de colocación dos/as aspirantes na lista definitiva de aprobados/as establecerase de maior a menor puntuación.

### 10. SISTEMA SELECTIVO. FASE DE CONCURSO – AVALIACIÓN DE MÉRITOS

Con carácter previo a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso.

Para a celebración desta fase, que se levará a cabo no Edificio Forum de Carballo, reunirse o tribunal cualificador co obxecto de valorar diferentes factores que determinan o **grao de empregabilidade** de cada un dos/as aspirantes preseleccionados/as pola oficina de emprego e que se refiren a continuación:

- Grao de motivación ante o mercado de traballo.
- Itinerario marcado en cada un dos proxectos de inserción socio-laboral.
- Nivel actual de consecución dos seus obxectivos.
- Formación específica e habilitante para un posto de traballo nos últimos 5 anos.
- Vinculación do perfil curricular coas ocupacións ofertadas (recollida de residuos non perigosos ou actividades da construción).

- Actuacións de cara a procura de emprego, etc.

A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio.

Cualificarase cun máximo de dez (10) puntos.

A súa porcentaxe sobre a nota final será do **40%**.

## **11. SISTEMA SELECTIVO. FASE OPOSICIÓN.**

### **> PRIMEIRO EXERCICIO:**

Celebrarase no Edificio Forum de Carballo na data sinalada na resolución comprensiva da **relación de aspirantes admitidos/as**.

Consistirá en comprobar a existencia da capacidade necesaria para realizar as funcións propias das ocupacións de peón de obras públicas (construción) e peón mozo recollida de lixo.

Consistirá en realizar as probas prácticas oportunas que poidan medir o coñecemento e manexo da ferramenta en relación coas funcións a desenvolver, durante un tempo que determine o tribunal antes da realización de cada proba, informando disto aos/as aspirantes presentados/as.

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes.

Cualificarase cun máximo de dez (10) puntos, sendo necesario acadar un mínimo de cinco (5) para continuar no proceso selectivo.

A súa porcentaxe sobre a nota final será do **60%**.

### **> SEGUNDO EXERCICIO: Avaliación do coñecemento da lingua galega.**

Este exercicio unicamente será obrigatorio para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido, CELGA 2 ou equivalente. Esta proba cualificará a persoa aspirante como apta ou non apta.

Consistirá nunha proba escrita e/ou oral, a elixir polo tribunal, dun máximo de 20 minutos. Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto, e quedan eliminados/as do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a dita cualificación. Estas probas serán acordes ás características funcionais do posto convocado, co fin de demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 2.

## **12. CUALIFICACIÓN FINAL.**

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e fase de oposición.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios sito no segundo andar do Edificio Forum Carballo.

Serán seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación global (sumadas as da fase de concurso e oposición).

En caso de empate, e para dirimir este, terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras de RISGA que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, os/as maiores de 45 anos e os/as que teñan cargas familiares, como así o indica a Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).

De persistir o empate, atenderase en primeiro lugar ós/as aspirantes con maior puntuación na fase de oposición e en segundo lugar, de persistir o empate, á puntuación obtida na fase de concurso.

Os/as catro (4) candidatos/as seleccionados/as e que tiveron maior puntuación final (suma da fase de concurso e fase de oposición) serán propostos/as para ocupar os postos de PEÓN MOZO DE RECOLLIDA DE LIXO para a obra/servizo "Acondicionamento e Mellora de Espazos Públicos" (2) e PEÓN de OBRAS PÚBLICAS (Construción) para a obra/servizo "Renovación e Restablecemento de Contornas Municipais" (2) en función do resultado das probas prácticas e da idoneidade de cada aspirante ao posto de traballo.

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000008  
Exp. 2024/G003/001496

### 13. PROPOSTA DE APROBADOS/AS.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o tribunal cualificador publicará no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios sito no segundo andar do Edificio Forum Carballo o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde da puntuación total final, con especificación desta.

Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización dos contratos correspondentes, a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta.

O Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

### 14. PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

Os/as aspirantes incluídos na proposta de contratación do Órgano de Selección presentarán, no **prazo de tres (3) días naturais**, os documentos que acrediten que compren todos e cada un dos requisitos esixidos nesta convocatoria, fotocopia do DNI, tarxeta de demandante de emprego e tarxeta da seguridade social.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, os/as aspirantes propostos/as non presentaran a súa documentación ou non acreditaran reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

### 15. FORMALIZACIÓN DE CONTRATO.

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal Cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de **tres días naturais**, a contar desde a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura dos contratos, os/as aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán incorporarse ao seu traballo no prazo máximo de tres días naturais dende que sexan requiridos para elo.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen aos posto de traballo, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

### 16. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

No marco da vixente normativa de protección de datos, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación có desenvolvemento do proceso selectivo.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello de Carballo, enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia do DNI, dirixida ao

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



2024/E001/000008  
Exp. 2024/G003/001496

Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo ou ao correo electrónico: dpd@carballo.gal. ou de forma presencial en calquera dos lugares establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Pode consultar a información adicional e detallada sobre a Protección de Datos solicitándoa ao correo electrónico: dpd@carballo.gal.

**17. RECURSOS**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, ou alternativamente recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de A Coruña, contados en ámbolos dous casos os prazos a partir do día seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no taboleiro de edictos e anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo e na páxina web municipal.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde  
Evencio Ferrero Rodríguez

Secretario  
Miguel Piñeiro Souto

-----  
Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario  
Miguel Piñeiro Souto